

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 30.11.2021 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 30 de novembro de 2021, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Pregunta

- 1.1 24271 (11/POC-004105)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre o obxectivo do convenio asinado entre a Axencia Española de
Seguridade Alimentaria e Nutrición e o Instituto Tecnolóxico para o
Control do Medio Mariño de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 224, do 10.11.2021

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 14471 (11/PNC-001475)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
cos conflitos existentes entre bateiros e percebeiros por mor da extracción
da semente do mexillón
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 130, do 28.04.2021
- 2.2 21320 (11/PNC-002025)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España de
aprobar de forma urxente a modificación do Real decreto de ordenación
pesqueira e a súa adecuación a determinadas disposicións normativas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 198, do 15.09.2021
- 2.3 21877 (11/PNC-002075)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia perante o Goberno central en
relación coa minaría submarina
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 202, do 22.09.2021
- 2.4 23102 (11/PNC-002173)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación
coa xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 210, do 06.10.2021

2.5 24486 (11/PNC-002293)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre o traslado por parte da Xunta de Galicia ao Goberno español e á
Comisión Europea do seu rexeitamento sobre a proposta do comisario
europeo de Pesca relativa ás cotas do 2022
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 228, do 17.11.2021

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2021

José Manuel Balseiro Orol
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

José Manuel Balseiro Orol

P

Vicepresidenta

Ana Belén García Vidal

P

Secretario

Julio Torrado Quintela

S

Vogais

Daniel Castro García

BNG

Teresa Egerique Mosquera

P

María Begoña Freire Vázquez

P

María do Carme González Iglesias

BNG

Patricia Otero Rodríguez

S

Rosana Pérez Fernández

BNG

Manuel Santos Costa

P

María Elena Suárez Sarmiento

P

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.11.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1. Pregunta

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.11.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 24271(11/POC-004105)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o obxectivo do convenio asinado entre a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia

Publicación da iniciativa, 224, 10.11.2021

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, INTECMAR, adscrito á Consellería do Mar da Xunta de Galicia, ten como obxectivo dar cumprimento á lexislación vixente en materia de calidade da produción de moluscos e outros organismos mariños e contribuír a protexer e mellorar a calidade do medio mariño, polo que a súa actividade céntrase en facer o seguimento, o control e a investigación da calidade ambiental das augas costeiras de Galicia, especialmente no que se refire ás condicións oceanográficas, fitoplacto, biotoxinas mariñas, contaminación química -metais pesados, compostos organoclorados e hidrocarburos-microbioloxía e patoloxía.

Por outra banda, a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN) integra e desempeña, no marco competencial da Administración Xeral do Estado, as funcións relacionadas coa seguridade alimentaria e a nutrición saudable.

É un Organismo Autónomo, adscrito organicamente ao Ministerio de Consumo, a través da Secretaría Xeral de Consumo e Xogo e funcionalmente ao Ministerio de Consumo, ao Ministerio de Sanidade e ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

A AESAN e o INTECMAR están interesados en aproveitar sinerxías e colaborar no marco das actividades que ha de desenvolver o laboratorio nacional de referencia de biotoxinas mariñas. Así, a Xunta de Galicia comunicou a súa conformidade para albergar un laboratorio de Biotoxinas Mariñas mediante comunicación á Axencia Española de Seguridade Alimentaria en data 7 de decembro de 2020 e a Comisión Institucional, como órgano de coordinación coas Comunidades Autónomas da AESAN, aprobou dita atribución na súa reunión celebrada o 29 de setembro de 2021.

Así, o 8 de outubro de 2021 asinou o convenio entre a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN) e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) polo que se instrumenta unha encomenda de xestión para a colaboración no marco das actividades do laboratorio.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2021 12:54:47
Nº Rexistro: 24271
Data envío: 02/11/2021 12:54:47,154

Cal é o obxectivo do convenio asinado entre a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN) e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR)?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 02/11/2021 12:40:58

José Manuel Balseiro Orol na data 02/11/2021 12:41:10

Freire Vázquez, María Begoña na data 02/11/2021 12:41:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: REXISTRO-00000059-9
Véxase: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2021 12:54:47
Nº Rexistro: 24271
Data envío: 02/11/2021 12:54:47,154

Ana Belén García Vidal na data 02/11/2021 12:41:35

Manuel Santos Costa na data 02/11/2021 12:41:47

María Elena Suárez Sarmiento na data 02/11/2021 12:41:57

Daniel Vega Pérez na data 02/11/2021 12:42:14



CSV: REXISTRO-00000599-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.11.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.11.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 14471(11/PNC-001475)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos conflitos existentes entre bateeiros e percebeiros por mor da extracción da semente do mexillón

Publicación da iniciativa, 130, 28.04.2021



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2021 17:47:50
Nº Rexistro: 14471
Data envío: 19/04/2021 17:47:50,517

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.


Exposición de motivos

A extracción de mexilla, debido á súa localización e á convivencia de traballadores do mar dedicados a especies distintas como percebeiros ou como bateiros dedicados ao mexillón, produce interpretacións distintas das situacións e a normativa. Esta posible conflictividade sería facilmente resoluble se a Consellería do Mar tivera por hábito mediar e resolver as cuestións a través do diálogo, a normativización consensuada e o esforzo por fomentar os acordos e non os enfrontamentos, como habitualmente fai.

As situacións de lexítimo conflito de posicións e intereses de colectivos distintos precisa dunha administración resolutiva, que non alimente os enfrontamentos con interese de debilitar ao sector para poder operar con maior poder, e que clarifique as normativas. Son precisamente as normativas as que deben resolver os problemas, e en función delas a Consellería do Mar ten estado ausente das interpretacións que se poden derivar.

A importancia fundamental do sector do mar precisa dunha consellería proactiva tanto na solución de tensións como, aínda mellor, na evitación do seu xurdimento. Existen en torno a 3.400 bateas en Galicia (das que máis de dous terzos están na ría de Arousa, o que evidencia o impacto que ten o sector en determinadas zonas de Galicia). É imprescindible traballar arreo en favor da produtividade do sector, e non poñer dificultades.

Con motivo de conflitos anteriores entre grupos do sector do mar, o Parlamento de Galicia recibiu iniciativas deste Grupo Socialista preguntando pola posición do goberno da Xunta de Galicia e instando ao cumprimento da normativa e á mediación e negociación para resolver as tensións. As respostas, orientadas a indicar que existía xa unha normativa ao respecto, obviaba o feito máis importante que era que a Xunta non estaba a facer cumprir precisamente esta propia lexislación.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2021 17:47:50
Nº Rexistro: 14471
Data envío: 19/04/2021 17:47:50.517

O inicio da época de posible recollida de mexilla volve a alimentar o conflito no que, a pesares de existir posicións enfrontadas entre colectivos, a gran coincidencia está en apuntar que a Consellería do Mar está facendo desleixo de funcións para resolver a cuestión e, como xa se apuntou no seu momento, as que foron consideradas no seu momento como solucións non eran máis que fuxidas cara diante para evitar o problema. Non en tanto, a pesares de ser un conflito difícil e que necesita ser resolto, a Consellería do Mar non parece ter a intención de contribuír a arranxar a situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta da Galicia a resolver o conflito da recollida de mexilla, facendo cumprir a normativa existente e, no caso de querer modificala, facelo coa participación e acordo non condicionado de todos os sectores implicados.

Pazo do Parlamento, 19 de abril do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/04/2021 17:38:39

Patricia Otero Rodríguez na data 19/04/2021 17:38:46

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/04/2021 17:38:57



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.11.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 21320(11/PNC-002025)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España de aprobar de forma urxente a modificación do Real decreto de ordenación pesqueira e a súa adecuación a determinadas disposicións normativas

Publicación da iniciativa, 198, 15.09.2021

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.

Exposición de motivos

Dende Galicia veuse traballando, desde a colaboración entre sector marítimo-pesqueiro e a Consellería do Mar, nunha modificación da normativa que permitise flexibilizar tanto a regularización das embarcacións cuxos datos non coincidían cos do seu rexistro como de obter maior adecuación nas súas disposicións de potencia ou arqueo de cara a efectuar as súas tarefas marisqueiras ou pesqueiras.

É certo que se produciron certas sancións a varias embarcacións alegando exceso de cabalaxe nos seus motores, e tamén é certo que a Consellería do Mar mediu ante a Secretaría General de Pesca e coa Dirección General de Marina Mercante para intentar habilitar unha lista específica que contemplase as embarcacións que faenan a marisqueo e/ou a recursos específicos, co obxectivo de buscar unha posible solución para estes barcos que contan cunha estrita limitación de potencia.

Somos coñecedores de que os titulares de embarcacións destinadas á extracción de recursos específicos e marisqueo solicitan un aumento da potencia dos seus motores por unha cuestión de seguridade no traballo, pois resulta máis doado escapar das ondas en caso de mal tempo cando o motor posúe maior potencia.

Por outra banda, o exercicio de marisqueo a flota esixe de faenar en zonas de escaso calado, o que impide que moitas veces poidan acceder cos barcos, facendo recomendable o uso de outras embarcacións de menor porte. Podemos concluír que estamos ante unha reivindicación xusta que busca garantir o traballo destes mariscadores nunhas condicións de maior certeza, fiabilidade e operatividade. Pola súa banda, e tras as peticións formuladas polo sector pesqueiro galego e pola Consellería do Mar, a Secretaría General de Pesca accedeu a analizar o tema, propoñendo unha modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira en orde a efectuar a consideración como auxiliares de lista 4ª dos buques que se utilizan para capturas de percebe, algas, ourizos, a similitude dos buques auxiliares de coral, empregados de facto para acercar aos mariscadores alí onde se atopa o recurso.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a aprobar de modo urxente a modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira de cara a regular de xeito rápido a creación dunha lista específica de embarcacións có obxectivo de dar solución ao procedemento de adecuación das disposicións normativas sobre a potencia e/ou arqueo das embarcacións que faenan a marisqueo e/ou recursos específicos”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21320
Data envío: 09/09/2021 14:18:19.066

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/09/2021 14:14:20

Teresa Egerique Mosquera na data 09/09/2021 14:14:35

José Manuel Balseiro Orol na data 09/09/2021 14:14:43

Ana Belén García Vidal na data 09/09/2021 14:14:55

Manuel Santos Costa na data 09/09/2021 14:15:03

José Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2021 14:15:10

María Elena Suárez Sarmiento na data 09/09/2021 14:15:21

Daniel Vega Pérez na data 09/09/2021 14:15:35

CSV REXISTROSAJNW6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.11.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 21877(11/PNC-002075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia perante o Goberno central en relación coa minaría submarina

Publicación da iniciativa, 202, 22.09.2021

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A minaría submarina converteuse nunha das principais ameazas á integridade dos fondos mariños, un ambiente moi pouco coñecido e estudado. Trátase dunha actividade con enormes impactos potenciais, dende os efectos tóxicos das plumas de sedimentos e metais pesados en toda a cadea trófica ata a liberación de gases de efecto invernadoiro retidos nos fondos oceánicos, pasando pola destrución irreversible da biodiversidade mariña.

A frota pesqueira galga sería unha das máis expostas á afección dos recursos pesqueiros, xa que os efectos da minaría submarina poderían afectar ao 15% das súas capturas de túnidos no Océano Pacífico e ao 10% das capturas de barcos galegos na dorsal do Atlántico. Ademais, o crecente interese por potenciais depósitos minerais en augas do Estado español, nomeadamente no chamado “Banco de Galiza” fronte ás costas galegas, que xa sufriu o afundimento do Prestige, poría en risco os principais caladoiros de proximidade.

A destrución ou extinción de especies, provocadas pola minaría submarina, podería impedir ademais o descubrimento de novos medicamentos asociados a formas de vida das profundidades oceánicas. Sen ir máis lonxe, o test da Covid-19





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 16/09/2021 12:52:08

Nº Rexistro: 21877

Data envío: 16/09/2021 12:52:08.598


desenvolveuse utilizando unha enzima illada dun microbio que se atopou en respiradoiros hidrotermais de augas profundas, un hábitat moi escaso e agora baixo a ameaza da minaría de augas profundas.

Numerosos organismos como o Parlamento Europeo, a Comisión Europea, a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN), o Consello Consultivo da Frota Comunitaria de Longa Distancia (LDAC), o Consello Consultivo para as Especies Peláxicas (PelAC), así como distintas entidades sociais nacionais e internacionais documentaron e alertaron sobre os impactos coñecidos ou probábeis da minaría submarina.

Recentemente, o Parlamento Europeo fixo un chamamento na súa resolución de 9 de xuño de 2021 sobre a Estratexia da UE sobre a Biodiversidade para 2030 “Devolver a natureza ás nosas vidas” (2020/2273 (INI)) pedindo (parágrafo 184) aos Estados membros “que promovan unha moratoria, tamén na Alta Autoridade para os Fondos Mariños, sobre a minaría submarina ata que se teñan estudado e investigado suficientemente os efectos da minaría submarina no medio ambiente mariño, a biodiversidade e as actividades humanas no mar e se poida xestionar a minaría submarina para garantir que non se perda biodiversidade mariña nin se degraden os ecosistemas mariños”.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandarlle ao goberno do Estado:



CSV: REXISTROBNV/jje4

Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
bp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 12:52:08
Nº Rexistro: 21877
Data envío: 16/09/2021 12:52:08.598

- A promoción e defensa diante da Alta Autoridade dos Fondos Mariños (ISA) dunha moratoria da minaría submarina ata que se teñan estudado e investigado suficientemente os seus efectos no medio ambiente mariño, a biodiversidade e as actividades humanas no mar e se poida xestionar a minaría submarina para garantir que non se perda biodiversidade mariña nin se degraden os ecosistemas mariños.

- Que se garanta a participación das organizacións ambientais e pesqueiras nas delegacións do Estado español diante da Alta Autoridade dos Fondos Mariños e promova a defensa dunha reforma dese organismo para unha maior transparencia e participación da sociedade civil e sectores afectados.

- Que adopte unha prohibición da minaría submarina nas súas augas xurisdicionais e exclúa explicitamente a posibilidade de realizar esta actividade nas Áreas Mariñas Protexidas e Áreas Mariñas de Importancia Ecolóxica ou Biolóxica, incluíndo o Banco de Galiza fronte ás costas galegas.”

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTROBNG/BJE4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 12:52:08
Nº Rexistro: 21877
Data envío: 16/09/2021 12:52:08.598


Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/09/2021 12:50:00

María do Carme González Iglesias na data 16/09/2021 12:50:11

Daniel Castro García na data 16/09/2021 12:50:19

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2021 12:50:31



CSV: REXISTROBNV6jJE4

Verificación:
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.11.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 23102(11/PNC-002173)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa

Publicación da iniciativa, 210, 06.10.2021



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:53:06
Nº Rexistro: 23102
Data envío: 30/09/2021 12:53:06.963

Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela** e da súa deputada **Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O problema da variabilidade e a falta de atención por parte da Xunta de Galicia sobre as zonas de libre marisqueo da ría de Arousa ten sido obxecto de numerosas críticas e problemas xurdidos dende o sector traballador do mar. Sen embargo a posición rocosa e conformista do goberno da Xunta de Galicia ten fomentado a perda de capacidade produtiva da ría, o que vén aumentando o abandono de permisos de marisqueo que teñen caído en preto de 3000 na última década.

O modelo de xestión das zonas de libre marisqueo foi tamén un problema xerado pola Consellería do Mar, quen abandonou as súas responsabilidades entregando a capacidade de xestión ás propias confrarías pero sen dotar dos medios axeitados os recursos necesarios para elo. O obxectivo do Goberno galego de fomentar a existencia de dificultades e problemas estase a cumprir, pero a gravidade da situación aumenta no que corresponde á produción e aproveitamento do traballo por parte do sector do mar.

Nas recentes datas volven a existir problemas derivados do abandono da xestión que fixo a Xunta de Galicia dos bancos marisqueiros na ría de Arousa, fomentando a confrontación entre o sector que tanto réditos lle dá e ao igual que fixo noutros ámbitos como mexilloeiros fronte a bateiros.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 12:53:06
Nº Rexistro: 23102
Data envío: 30/09/2021 12:53:06.963

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a exercer un papel conciliador e mediador no que corresponde á xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, dotando de medios e recursos aos colectivos que teñen a responsabilidade de facelo e recollendo as valoracións das confrarías para avaliar a necesidade ou non de reverter o sistema actualmente aplicado se así é demandado.

Pazo do Parlamento, 30 de setembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/09/2021 12:29:47

Patricia Otero Rodríguez na data 30/09/2021 12:31:29

Gonzalo Caballero Miguez na data 30/09/2021 12:31:39



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.11.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 24486(11/PNC-002293)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre o traslado por parte da Xunta de Galicia ao Goberno español e á Comisión Europea do seu rexeitamento sobre a proposta do comisario europeo de Pesca relativa ás cotas do 2022

Publicación da iniciativa, 228, 17.11.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2021 12:08:30
Nº Rexistro: 24486
Data envío: 05/11/2021 12:08:30.483

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputados e deputado **Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comisario europeo de Pesca vén de facer pública a proposta de cotas para 2022 que, coma todos os anos, terá que validar ou modificar o Consello de ministros de Pesca do vindeiro mes de decembro.

Trátase das cotas xestionadas unicamente pola UE e quedarían aínda pendentes de negociación co Reino Unido e Noruega as cotas compartidas.

A proposta non parece concordar cos datos científicos existentes, cando menos nalgúns especies, e claramente non ten en consideración, máis unha vez, as variábeis económicas e sociais que se deberan incluír, segundo a propia PPC, á hora da recomendación de capturas.

Albíscanse pois novas e maiores dificultades para a frota galega que virían a reincidir nas decisións xa tomadas nos últimos anos e que veñen supoñendo un esforzo e un impacto económico insostible para o sector.

Os recortes propostos van dende o 18% para a pesca do Cantábrico e o incomprensíbel 16% para o xurel na zona 9. Tamén sofren importantísimos recortes o linguado (36% menos nas zonas 8a e 8b e 15% menos nas zonas 8c, d, e, 9, 10 e augas



européas), abadexo (10% menos nas zonas 8c, 9, 10 e augas comunitarias e un 20% menos nas zonas 8a, b, d, e), e de novo pesa a prohibición sobre a pesca da cigala en Galiza, a pesar da existencia de informes que constatan a melloría da poboación.

Aos datos propostos polo comisario de Pesca, hai que engadir a incerteza que neste momento existe respecto das previsións do ICES noutras especies como a robaliza, que suporían un recorte dun 20% no noroeste español, un 12% para o xurel oeste, de Fisterra ao norte incluíndo o Golfo de Bizcaia, un 19% en augas españolas e comunitarias para o lirio ou un 7% de gran parte da xarda da frota de litoral. E aínda, a maiores, habería que agardar polos datos que depare o acordo co Reino Unido e con Noruega.

As previsións insistirían nas reducións xa levadas a cabo no 2021, como as do 5% na pescada do Cantábrico e o 20% no linguado do Cantábrico e unicamente agárdanse incrementos de arredor dun 13% no rapante e no rape que viñan de descender un 11 e un 13% respectivamente no 2021.

De prosperaren os datos avanzados polo Comisario europeo de Pesca, os resultados do Consello de ministros de decembro preséntanse verdadeiramente preocupantes para a nosa frota, máis aínda dos que xa o foran os de 2021, cualificados pola propia conselleira do Mar como de “cativos”, e poderían abocar a gran parte dela a seguir a liña sobre a que recentemente alertaba o secretario xeral de CEPESCA e que non é outra que o incremento de peticións de despece de barcos que compromete seriamente o futuro do sector e, no caso galego, tamén da economía do país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2021 12:08:30
Nº Rexistro: 24486
Data envío: 05/11/2021 12:08:30.483

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Trasladar ao Goberno español e á Comisión Europea o seu rexeitamento sobre a proposta do comisario europeo de Pesca relativa ás cotas para o 2022.
- Defender diante do Goberno español e da UE a aplicación real das variábeis económicas e sociais contempladas na Política Pesqueira Común para a fixación de capturas.
- Desbotar calquera redución de capturas para o ano 2022 que implique un impacto económico para a frota Pesqueira galega.
- Dar cumprimento ao acordo parlamentario do 10 de febreiro de 2021, relativo ao recoñecemento de Galiza como ‘zona altamente dependente da pesca’, á revisión do ‘principio de estabilidade relativa’ e ao recoñecemento da capacidade directa de negociación de Galiza en materia pesqueira.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-ygCddGda-9
Verificación:
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2021 12:08:30
Nº Rexistro: 24486
Data envío: 05/11/2021 12:08:30.483

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 05/11/2021 11:59:41

María do Carme González Iglesias na data 05/11/2021 11:59:50

Daniel Castro García na data 05/11/2021 11:59:58

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2021 12:00:10

CSV: REXISTRO-ygCxdGda-9
Véxase en:
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

